



CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS

A Carballa, s/n - Cesullas
15115 CABANA DE BERGANTIÑOS
(A Coruña)
C.I.F.: P1501400D

Teléfonos 981 75 40 20 - 981 75 42 30
Telefax 981 75 42 29
www.concello-cabana.es
cabana@concello-cabana.es

María Garrote López, Secretaria do Concello de Cabana de Bergantiños (A Coruña) do que é Alcalde José Muíño Domínguez, dacordo cos datos que figuran nesta Secretaría do meu cargo, salvo erro u omisión involuntaria,

CERTIFICO: Que o Pleno da corporación en sesión celebrada o 27 de novembro de 2025 adoptou o seguinte acordo:

“PROPOSTA

Mediante escritura con nº de protocolo 243 de 15/07/1980 outorgada ante o notario don Mariano -Jesús Mateo Martínez o concello adquire unha finca con superficie de dúas hectáreas dez áreas e seis centiáreas segundo consta no dito documento.

O 27/03/2000 o concello de Cabana de Bergantiños en Pleno cede a Asociación Íntegro un terreo segregado da finca anterior de 5000m², no lugar de A Pedra, Nantón. Dita finca configúrase como a Finca 2 da inicial (a comprada en 1980).

Mediante documento con RE 202599900000988 de 12/11/2025, a Asociación Íntegro solicita a cesión dun terreno que linda ó norte da anterior para o desenvolvemento da labor social propia da asociación, a denominada Finca 1.

A Finca 1 ten unha superficie de 3.974m² e se configura do seguinte xeito:

Clasificación do solo: Solo Rústico Común

Lindes:

- Norte: Consuelo Regueira Álvarez
- Sur: Finca 2
- Leste: María Cristina Regueira Torres, e Luis Pet Lema
- Oeste: Basilio Lema Álvarez e Jesus Castro Moreira

Esta finca forma parte da finca con ref. Catastral:15014A050001480000AW

O Concello de Cabana de Bergantiños está interesado en fomentar a autonomía, aprendizaxe, integración e calidade de vida das persoas con diversidade funcional.

A cesión do terreo necesario atende a unha finalidade social, non só repercutindo directamente nos usuarios senón nas súas familias, no seu entorno e na integración e vida de todos os cidadáns de Cabana de Bergantiños. Apréciase, por tanto, que a cesión da Finca 1 repercute favorablemente no conxunto de habitantes do termo municipal.

Vista a memoria de data 18/11/2025

Vistos os informes técnico e de taxación de 19/11/2025

Visto o informe de secretaría e intervención de 19/11/2025.

Considerando o exposto, vistos os artigos 22.2.p) e 47.2.ñ) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, propoño:

Primeiro: Iniciar o expediente para ceder gratuitamente á “ Asociación Íntegro das persoas con diversidade funcional da Costa da Morte” con CIF G15173263 a finca descrita nos antecedentes como Finca 1:

Finca 1

Superficie :3.974m²

Clasificación do solo: Solo Rústico Común

Lindes:

- Norte: Consuelo Regueira Álvarez
- Sur: Finca 2
- Leste: María Cristina Regueira Torres, e Luis Pet Lema
- Oeste: Basilio Lema Álvarez e Jesus Castro Moreira

Esta finca forma parte da finca con ref. Catastral:15014A050001480000AW.

Segundo: Someter o expediente a un período de información pública por prazo de vinte días hábiles desde o anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, a fin de que os interesados presenten as alegacións que estimen pertinentes.

Terceiro: Publicar igualmente no taboleiro de anuncios do concello residenciado na sede electrónica.”

E para que conste, expido a presente coa salvedade establecida no artigo 206 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta correspondente, de orde e con visto e praxe do alcalde.